



Bases da Promoción “AMIGOS R”

R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U. (en diante **R**), decidiu poñer en marcha, a través da web amigos.mundo-R.com, a promoción citada no encabezamento (en diante, "a Promoción"), para os novos clientes de **R** do segmento residencial ou empresa que contraten, grazas a un cliente activo de **R**, algún dos produtos comercializados por esta a través da súa web R.gal durante o período promocional.

A citada promoción axústase ás seguintes bases:

1 Ámbito e duración da Promoción

A Promoción está dirixida a clientes de **R**, maiores de 18 anos, que residan na comunidade autónoma de Galicia e na provincia de León, e que cumpran os seguintes requisitos:

- Clientes actuais (en diante, "Clientes Prescriptores") que durante o período promocional consigan que un novo usuario se dea de alta a través da web inserindo un código promocional que identifica o devandito cliente, que se corresponderá co número de teléfono do cliente actual.
- Novos clientes de **R** que se dea de alta, a través da web de **R** (R.gal), de calquera dos produtos recomendados polo Cliente Prescriptor e compatibles con esta promoción, durante o período promocional e que reúnan os requisitos establecidos no seguinte punto (en diante, "Novos Clientes").

Non obstante o anterior, quedan excluídos da Promoción os clientes que aínda reunindo todos os requisitos establecidos nestas bases, non se encontren ao corrente de pagamento con **R** por calquera servizo que esta lles preste; se encontren en estado de suspensión do servizo de todos ou algún dos produtos ou servizos que tivesen contratados con **R** durante o período da promoción e de disfrute dos premios; ou que sendo xa cliente de **R** con anterioridade non transcorresen polo menos 12 meses desde que cursara a baixa.

Esta promoción será válida para a Comunidade Autónoma de Galicia e na provincia de León, desenvolvéndose a mesma no período comprendido entre as 08:00 horas do día 22/08/2019 e as 23:59 horas do día 31/12/2019 (período promocional).

2 Requisitos para a participación

Para poder participar na Promoción será imprescindible reunir todos e cada un dos requisitos que a continuación se mencionan, así como calquera outros que resulten das presentes bases:

- Cliente Prescriptor:
 - Ser cliente de **R** e estar ao corrente de pagamento, polo menos ata a data fin de disfrute do premio, de todos os servizos que teña contratados con **R** e non estar en estado de suspensión do servizo de todos ou algún dos produtos ou servizos que tivesen contratados con **R**
 - Invitar, a través da páxina clientes.mundo-R.com, unha vez autenticado como cliente, a que os seus amigos subscriban un contrato de prestación de servizos de telecomunicacións con **R**.
 - Ter contratado un combo, combo SEN, internet**R** ou mambo con internet para poder ser prescriptor de combo ou mambo con internet
 - Ter contratado polo menos un móbil**R** con cota superior a 10€/mes para poder ser prescriptor de calquera tarifa plana de móbil**R**
- Novos Clientes:
 - Contratar durante o período promocional, algún dos produtos compatibles con esta promoción recomendados polo seu amigo (cliente prescriptor) a través de mundo-R.com, inserindo no formulario de petición de datos do proceso de contratación o código promocional facilitado polo cliente prescriptor.
 - Cubrir todos os campos obrigatorios no citado formulario de contratación do servizo.
 - Manter a titularidade do produto contratado e tela en servizo e ao corrente de pagamento, polo menos durante 12 meses completos e seguidos dende a provisión do servizo no caso de



fixo e 4 meses completos e seguidos dende a provisión do servizo no caso de móbil. En caso de non o cumprir, aplicarase a penalización descrita no contrato do servizo.

- o Estar ao corrente de pagamento, polo menos durante o período de disfrute do premio, de todos os servizos que teñan contratados con **R**.
- o No caso do fixo, non ter contratado un produto de fixo de **R**, e contratar un combo ou mambo con internet.
- o No caso do móbil, non ter contratado ningún produto móbil de **R**, e contratar un servizo de telefonía móbil cunha tarifa con cota superior a 10€/mes.

No caso de antigos clientes, para acollerse á promoción Amigo deberán pasar polo menos 12 meses desde que cursara a baixa como cliente de **R**.

A promoción é incompatible con aquelas tarifas de móbilR con cotas gratúitas ou naquelas nas que se lles aplique xa outra promoción na cota e/ou ao aplicar esta promoción a pagar sexa inferior a 0€. É incompatible tamén coas tarifas **R**, tarifas MEU e tarifas SOMO adicionais en calquera modalidade e coa tarifa 0 3GB.

No fixo é a promoción é incompatible con cotas gratúitas ou no caso de que a cota do servizo sexa inferior a 20€ ou para os clientes con produtos sen internet, como teléfono **R** ou televisión **R**.

Para o caso de que novos clientes invitados por un cliente prescriptor, realicen a contratación sen incluír o código promocional, non poderán verse beneficiados da presente promoción.

Poderán participar na promoción empregados e colaboradores de **R**.

3 Descrición da promoción

R informará sobre a presente promoción e os requisitos de participación nesta, a través da web amigos.mundo-R.com

Cada un dos novos clientes que contraten algún dos servizos recomendados polo seu amigo (amigo prescriptor), durante o período promocional, e cumpra cos requisitos establecidos nestas Bases, obterá automaticamente o premio asociado á Promoción, unha vez disfrutada a promoción benvida que se encontre vixente no período de alta.

Cada un dos Clientes Prescriptores dos anteriores, obterá igualmente o premio asociado á Promoción no momento no que o novo cliente teña activado o servizo de telecomunicacións de fixo ou móbil contratado con **R**. No caso de que o Cliente Prescriptor esté a disfrutar dalgunha promoción de benvida / retención, a promo Amigos **R** aplicaráselle unha vez conclúise dita promoción.

Se durante o período da promoción en curso e ata a data de fin de disfrute do premio por ambos os dous (Novo Cliente e Cliente Prescriptor), se producise algunha modificación en calquera das relacións contractuais destes con **R** que supoña a baixa, suspensión ou o cambio de titularidade dalgún dos produtos ou servizos contratados por ambos os dous, ou ben, teña pagamentos pendentes con esta por calquera servizo que esta lle preste, a promoción deixará de ter efecto para o cliente que o provoque. Por exemplo, se o Cliente Prescriptor cursase a baixa do produto que teña contratado con **R**, este non se beneficiará do resto da promoción que lle quedara por gozar. En cambio o Novo Cliente seguiría gozando do devandito premio.

4 Premios asociados á promoción amigos

fixo		móbil	
para prescriptor	para amigo	para prescriptor	para amigo
60€ de desconto (10€ de desconto durante 6 facturas)	60€ de desconto (10€ de desconto durante 6 facturas)	30€ de desconto (5€ de desconto durante 6 facturas)	30€ de desconto (5€ de desconto durante 6 facturas)

• no caso do fixo, o desconto será de 60€ (10€ de desconto sobre a cota do cambio en cada factura durante 6 facturas) por cada amigo que subscriba un contrato con **R** en virtude da presente promoción. Esta promoción



será acumulable no tempo, é dicir, se un Cliente Prescriptor consegue que 2 amigos contraten os servizos de **R**, o devandito Cliente Prescriptor beneficiarase de 120€ de desconto (repartindo o desconto en 10 € en cada factura durante 12 facturas).

- no caso do móbil, o desconto será de 30€ (5€ de desconto sobra a cota da liña móbil en cada factura durante 6 facturas) por cada amigo que subscriba un contrato con **R** en virtude da presente promoción. Esta promoción será acumulable no tempo, é dicir, se un Cliente Prescriptor consegue que 2 amigos contraten os servizos de **R**, o devandito Cliente Prescriptor beneficiarase de 60 € de desconto (repartindo o desconto en 5€ en cada factura durante 12 facturas)
- o desconto será aplicable a partir do seguinte ciclo de facturación á data de activación do novo cliente.

5 Activación do premio

A activación do premio asociado á promoción para ambos clientes, efectuarase unha vez estea activado o servizo de telecomunicacións contratado polo Novo Cliente e tras concluír a promoción benvida ou retención que estivesen a gozar. Dita activación realizarase de forma automática facilitando o código asociado á promoción.

6 Consideracións xerais

A simple participación nesta promoción supón a aceptación destas Bases integramente, polo que a manifestación de non as aceptar ou as esixencias contrarias ao establecido nelas, implicará a exclusión do participante e como consecuencia diso, **R** quedará liberada do cumprimento de calquera obriga contraída co devandito participante en virtude desta promoción.

R resérvase o dereito de modificar en calquera momento as condicións da presente promoción, mesmo a súa posible anulación antes da data de peche desta sempre e cando houbese causa xustificada para iso, comprometéndose a comunicar con suficiente antelación e polo mesmo medio en que se informou da presente promoción as novas bases, condicións, ou se é o caso, a anulación definitiva desta.

O Novo Cliente e o Cliente Prescriptor non terán dereito a solicitar o troco do seu premio por outro; nin en forma de produto ou servizo de **R**, nin por importe en metálico.

A aceptación do premio por parte de ambos os dous clientes é de carácter voluntario, renunciando a calquera reclamación contra **R** por tal motivo, salvo que a promoción non estea a ser debidamente aplicada.

Esta promoción rexerase polas súas propias bases e en calquera litixio que puidese formularse en canto á interpretación destas, tanto **R** coma os participantes desta promoción se someten expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro, que puidese corresponder.

R está exenta de calquera responsabilidade derivada do uso e desfrute do premio.

7 Responsabilidade da información

O cliente prescriptor asegura neste acto que os datos facilitados son veraces, así como que obtivo o consentimento do Novo Cliente para facilitar calquera dos datos persoais que lle sexan requiridos, eximindo a **R** de calquera responsabilidade que lle puidese ser esixida por estes feitos.